



EDICTO

INCENDIOS FORESTAIS

A normativa de protección contra incendios forestais obriga que os propietarios, arrendatarios ou usufrutuarios de parcelas que se atopen dentro dos núcleos de poboación ou próximas a calquera vivenda, **TEÑEN A OBRIGA DE MANTELAS LIMPAS de herbas, rastroxos, maleza, lixo, etc... para evitar deste xeito o risco de incendios forestais.**

Nun perímetro de 50 metros, arredor dos núcleos de poboación, ou de calquera vivenda illada, deberase manter o terreo perfectamente limpo libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada, tal como establece o artigo 21 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Estes traballos deberán estar executados, antes do 31 de maio do 2026.

Nas faixas secundarias (faixas dos 50 metros), non se permite a existencia de maleza nin a existencia das seguintes especies arbóreas:

-Piñeiro, mimosa, mimosa negra, eucalipto, xestas, toxos, silvas, fentos...

Os titulares de fincas que non se atopen limpas, serán RESPONSABLES TANTO CIVIL COMO PENALMENTE, POLOS POSIBLES DANOS QUE SE POIDAN OCASIONAR tanto a persoas ou bens, como consecuencia de incendios forestais nos que a súa orixe sexa a falta de coidado debido das parcelas, sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer de conformidade coa lexislación vixente.

O que se pon en xeral coñecemento para os efectos oportunos.

En Paderne de Allariz
O ALCALDE.- Asdo.: Manuel Pérez Novoa

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)

